

RESOLUCIÓN REITORAL DO 2 DE ABRIL DE 2007, POLA QUE SE DESENVOLVE O REGULAMENTO DE ESTUDOS OFICIAIS DE POSGRAO EN RELACIÓN COS ÓRGANOS RESPONSABLES NA ELABORACIÓN DOS PROGRAMAS OFICIAIS DE POSGRAO, A SÚA TRAMITACIÓN, PROFESORADO, MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL E AVALIACIÓN

O Regulamento dos estudos oficiais de posgrao aprobado polo Consello de Goberno o 7 de xuño de 2006 dedica o Título II aos órganos e trámites para formular propostas de Programas Oficiais de Posgrao (en diante POP), o Título III á organización e xestión dos programas e o título V ao procedemento de matrícula.

Así mesmo, na Disposicións Adicional Primeira sinala que *“Autorízase ao reitor ou persoa en quen delegue para ditar cantas resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento do presente regulamento”*.

Actualmente a USC ten aprobado un número de POP diverso na súa organización que van desde os programas interdepartamentais, interuniversitarios do Sistema Universitario Galego e Intercomunitarios con participación de universidades estranxeiras. A organización destes estudos, o profesorado que pode impartilos, os obxectivos, etc. afectan de xeito importante a actual estrutura universitaria de aí que sexa necesario regular de xeito máis preciso os órganos, que de ser o caso, poden intervir na posta en marcha destes novos estudos.

Na actual sociedade do coñecemento e da educación ao longo de toda a vida, a universidade debe realizar unha programación da súa oferta académica que permita compatibilizar o estudo co traballo polo que é necesario regular a matrícula a tempo parcial que permita atender estas situacións.

Así mesmo, coa posta en marcha dos estudos oficiais de posgrao conducentes á obtención dos títulos de máster e doutor, regulados no RD 56/2005 modificado por RD 1509/2005 de 16 de decembro e implantados no S. U. G. polo D 51/2006 do 23 de marzo, iníciase a reforma das ensinanzas universitarias e a aplicación do Espazo Europeo de Educación Superior a estes estudos, feito que fai necesario clarificar e concretar a normativa de xestión académica existente

Por outra banda o Regulamento dos estudos oficiais de posgrao aprobado polo Consello de Goberno o 7 de xuño de 2006 establece no seu artigo 17 que *“Os estudantes terán dereito a unha avaliación anual para determinar as competencias e habilidades adquiridas, conforme ao sistema que se estableza na guía docente. O sistema de avaliación poderá ser por módulos ou por materias, dependendo da organización do programa segundo o establecido no artigo 2. (...) As materias ou módulos cursados serán avaliadas cos sistemas xerais ou específicos que se determinen na guía docente”*.

Sendo necesario concretar estas novas situacións someteuse á Comisión de Estudos de Posgrao o estudo da proposta de resolución, que emitiu unha valoración positiva da mesma.

Por todo o anterior, esta Reitoría Resolve:

## **Artigo 1.- Órganos responsables da elaboración dun Programa Oficial de Posgrao**

A proposta dun Programa Oficial de Posgrao corresponderá ao órgano ou órganos responsables do mesmo, previa aprobación dos correspondentes órganos de Goberno. Para estes efectos poderase nomear unha comisión académica ou redactora responsable da iniciativa, en especial para as propostas conxuntas de varios centros, departamentos e institutos.

Tamén se recoñece a iniciativa para propoñer ou canalizar un POP ao Consello de Dirección coa fin de que se poidan ofertar programas que respondan ás liñas estratéxicas da USC.

## **Artigo 2.- Trámites para a aprobación dos Programas oficiais de posgrao**

A tramitación que debe seguir un Programa Oficial de Posgrao para a súa aprobación na Universidade de Santiago de Compostela é a seguinte:

1. O órgano que vai propor o Programa, será o encargado de elaborar o anteproxecto do Programa para o que obterá información dos centros, departamentos e institutos que poidan estar implicados; ademais deberá ter en conta as propostas e ideas que reciba de calquera sector da comunidade universitaria.
2. O órgano propoñente do programa que elabore o anteproxecto deberá solicitar informes aos centros e departamentos afectados polo programa.
3. Aprobado o anteproxecto do programa polo órgano responsable do mesmo deberá remitirse, a través do centro de adscrición, á Vicerreitoría con competencias en materia de posgrao oficial que procederá á apertura dun período de información pública do que se dará conta aos centros, departamentos e institutos, así como ao Consello Social para que presenten as alegacións que, de ser o caso, correspondan.
4. As alegacións presentadas deberán enviarse á Vicerreitoría con competencias en materia de Posgrao Oficial, que as fará chegar aos responsables de cada unha das propostas de POP, que decidirán sobre a incorporación ou non das alegacións, debéndose evacuar un informe para cada alegación concreta.
5. O texto será o Proxecto de Programa Oficial de Posgrao, o que o artigo 3.a do regulamento de Estudos de Posgrao denomina solicitude, que será enviado á Vicerreitoría con competencias en materia de Posgrao Oficial, xunto coas alegacións e a contestación ás alegacións que non foron incorporadas ao texto.
6. A Vicerreitoría con competencias en posgrao oficial dará traslado de todas as propostas recibidas xunto coa documentación das mesmas á Comisión de Estudos de Posgrao, previa verificación polos servizos administrativos de que toda a documentación presentada se axusta á normativa.
7. A Comisión de Estudos de Posgrao emitirá informe sobre cada unha das propostas. Esta comisión poderá solicitar unha avaliación externa. O informe emitido pola Comisión de Estudos de Posgrao deberá achegarse aos responsables dos programas, que terán un

prazo para responder á comisión, segundo estableza o calendario que a estes efectos aprobe o Consello de Goberno.

8. Transcorrido este prazo, a Comisión de Estudos de Posgrao, incorporará as contestacións dos responsables dos programas que considere oportuno, procedendo á aprobación ou non das propostas de POP e a elevará ao Consello de Goberno a proposta definitiva que se fará pública.

### **Artigo 3.- Aprobación**

As propostas de Programas Oficiais de Posgrao elevadas pola Comisión de Estudos de Posgrao serán sometidas a aprobación do Consello de Goberno e do Consello Social para o seu envío á Comunidade Autónoma.

### **Artigo 4.- A Comisión Académica dos POP**

4.1 No caso da elaboración de programas propostos por diversos centros, departamentos ou universidades deberá constituírse unha Comisión Académica, nomeada polo reitor a proposta dos responsables da iniciativa. Nesta comisión deberán estar representados os departamentos ou institutos participantes no POP sempre que a carga lectiva do persoal docente e investigador que participa no mesmo supoña, como mínimo, o 20 % do total dalgún dos títulos que conforman o programa.

4.2 Cando o POP sexa presentado de xeito individual por un centro, un departamento ou un instituto, estes poderán decidir si se crea a Comisión Académica, ou se as súas funcións son asumidas polos órganos de goberno xa existentes no centro, departamento ou instituto. De existir neste caso a Comisión Académica será presidida polo Decano/a ou Director/a do Centro ou persoa que designe

4.3 En calquera caso, a Comisión Académica estará constituída por:

- a) O responsable do centro ao que se adscriba o programa (ou a persoa que este designe).
- b) Polo coordinador ou coordinadora do programa.
- c) Pola xestora ou xestor académico do centro ao que se adscriba o programa.
- d) 10 membros máis atendendo ós seguintes criterios:
  - 1) Deberán estar representados proporcionalmente aos créditos impartidos os diferentes Departamentos e institutos que interveñen no programa, aos que se refire o apartado 4.1.
  - 2) Os representantes do profesorado deberán impartir docencia no Programa.
  - 3) Dous membros deben ser estudantes do programa.

4.4 A CEP (Comisión de Estudos de Posgrao) poderá admitir comisións con mais membros en función da complexidade ou tamaño do POP.

4.5 A Comisión Académica deberá ter a súa sede no Centro ao que se adscribe o programa.

4.6 A Comisión Académica elaborará un regulamento de réxime interno que deberá ser ratificado polo Consello de Goberno. Na elaboración deste regulamento deberán informar á Xunta do centro ao que estea adscrito e os departamentos ou institutos implicados no programa.

4.7 No caso de POP intercentros ou interuniversitarios, a Comisión Académica estará presidida polo Vicerreitor con competencias no postgrao oficial ou persoa que designe

4.8 Son funcións da Comisión Académica:

- a. Informar as solicitudes de acreditación de competencias dos alumnos matriculados no POP.
- b. Determinar as materias de nivelación ou créditos de formación adicional que deberán realizar os estudantes matriculados nun POP en función do seu perfil de acceso, sempre que así se determine na memoria do programa e se permita cursalos simultaneamente co POP.
- c. Aprobar a programación docente dos módulos ou materias dos títulos que organiza o programa.
- d. Aprobar criterios homoxéneos para a avaliación dos módulos/materias e resolver os conflitos que de ser o caso se puidesen presentar.
- e. Aprobar o PDA das titulacións que organiza o programa, segundo os criterios que, de ser o caso, se establezan polo Consello de Goberno da USC.
- f. Informar a proposta de prazas ofertadas para os títulos de máster oficial que se organicen nos programas.
- g. Elevar proposta de modificación, e/ou suspensión do Programa, ao Consello de Goberno.
- h. Todas aquelas outras funcións de tipo académico necesarias para o desenvolvemento do programa e que non recaesen en ningún outro órgano da USC.

#### **Artigo 5. O/A Coordinador/a do programa:**

5.1 Segundo o artigo 6 do Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao, os POP e mailos másters serán dirixidos e/ou coordinados por un/ha profesor/-a que teña o título de doutor con dedicación exclusiva na Universidade. Este/a coordinador/a será nomeado/a a proposta da Comisión Académica ou órgano que asuma as súas funcións.

5.2 Poderán asumir as funcións de coordinador/a do programa os decanos/as, ou directores/as de centro e no seu caso os directores de departamento ou instituto.

### 5.3 Son funcións do coordinador/a do Programa:

- a. Actuar en representación do Programa, dirixilo e coordinalo.
- b. Informar aos Departamentos para a elaboración do POD.
- c. Presentar ao Decano/a, ou Director/a de centro, segundo o caso, o PDA do programa para a súa xestión.
- d. Difundir entre o profesorado do programa calquera información relativa á súa xestión académica
- e. Coordinar os procesos de avaliación de calidade do programa.
- f. Asinar as actas xunto cos responsables das materias.
- g. Calquera outra función que lles sexa asignada polos órganos competentes.

### **Artigo 6.- Participación do profesorado da USC na docencia de Programas Oficiais de Posgrao doutras universidades.**

6.1 O profesorado da USC poderá participar en programas oficiais de posgrao doutras universidades. A participación nos citados programas non interferirá no cumprimento das súas obrigas docentes na USC, nin xerará ningún custo extra para ela.

6.2 O profesorado que desexe participar nun POP doutra Universidade, no que non participa a USC, deberá solicitalo á Vicerreitoría con competencia en profesorado, que poderá autorizar a súa participación logo de comprobados os requisitos do parágrafo anterior, previo informe do departamento afectado. Esta autorización realizarase promovendo a sinatura do correspondente convenio.

### **Artigo 7.- Participación de Profesionais ou Investigadores non docentes doutras universidades ou institucións públicas ou privadas en POP que organiza a USC**

7.1 As Comisións Académicas dos programas oficiais de posgrao poderán propoñer a colaboración de profesionais ou investigadores que non sexan profesores universitarios baixo a supervisión dun ou varios profesores.

7.2 Corresponde ao coordinador ou a coordinadora do programa, solicitar as vicerreitorías con competencia na materia (VODEEES e VPOA) esta autorización, así como determinar o profesor encargado da supervisión destes profesionais para asinar actas e demais efectos.

### **Artigo 8.- Definición de matrícula a tempo parcial**

8.1 O número de créditos que deberá matricular o alumnado con dedicación a tempo parcial será de 30, agás que nos programas interuniversitarios o convenio asinado estableza outra limitación. O número máximo de anos nos que se poderá cursar unha titulación a tempo parcial non poderá ser superior ao duplo da súa duración a tempo completo.

8.2 Cando se acorde non volver a ofertar algún dos títulos organizados nun POP, o alumnado que o estea cursando a tempo parcial terá dereito a poder recibir a docencia durante o tempo máximo de duración dos estudos que se establece no apartado anterior.

## **Artigo 9.- Avaliación dos POP**

9.1. Os estudantes de POP teñen dereito a ser avaliados obxectivamente no seu rendemento académico.

O sistema de avaliación será por avaliación continua ou por probas ou traballos, segundo se especifique na guía docente, e realizarase ao longo da duración do Máster. De contemplarse na guía docente, para superar determinadas materias deberá acreditarse a asistencia de, polo menos, o 80% das actividades presenciais programadas.

9.2. Para o presente curso 06/07, a estrutura académica dos POP será por materias. Estas materias serán a base da avaliación dos estudantes e de elaboración de actas.

A avaliación será única para cada materia. Os alumnos deben alcanzar as aptitudes, coñecementos e destrezas para poder superar a programación establecida.

Para aquelas materias nas que se establezan na guía docente exames teóricos ou prácticos, os estudantes terán dereito a dúas convocatorias de exames en cada curso académico nos prazos que se establezan na programación académica. Para estes efectos os responsables dos POP a partir do curso 07/08 fixarán as datas dos exames ao inicio de cada curso académico. A segunda convocatoria será sempre con anterioridade ao mes de agosto.

Sen prexuízo dos exames xa realizados, para o presente curso 06-07, a convocatoria ordinaria será a que fixe cada Máster e a convocatoria extraordinaria terá lugar no mes de xullo, en datas posteriores ás dos exames ordinarios.

9.3 As actas do curso incluírán unha soa avaliación do Máster e serán abertas do 1 de xullo ao 15 de agosto.

No caso de POP que teñan 90 créditos e que rematen antes destas datas, establecerase un período específico de avaliación e actas.

9.4 Para o caso de proxectos, traballos, teses de Máster, memorias, ou similares farase unha acta individual co nome do alumno e o tribunal ou responsables da avaliación. Esta acta permanecerá aberta ata que se produza a efectiva avaliación. A acta pecharase ao remate do curso académico agás petición expresa á Secretaría Xeral solicitando novo prazo de avaliación.

No caso de que existan varias convocatorias de avaliación para a presentación dos traballos, deberán comunicarse á Secretaría xeral os prazos, a efectos de fixar, mediante instrución, os prazos de apertura e peche das actas individuais.

Para estes efectos, os responsables do POP comunicarán ás UUXA correspondentes que o traballo foi admitido para a súa defensa, indicando data e tribunal, no seu caso.

No caso dos prácticum ou prácticas en empresas elaborárase un acta por empresa que será asinada polos correspondentes titores e o/a coordinador/a, segundo o artigo 5.3 g).

Os responsables académicos deberán comunicar á Secretaría Xeral calquera peculiaridade de avaliación como consecuencia do réxime específico establecido no marco dos convenios interuniversitarios.

9.5 As actas serán cubertas e asinadas por quen figure como responsable/s da materia. No caso de profesores alleos a USC, na planificación docente poderá figurar que o responsable das actas sexa o coordinador da materia, polo que neste caso será o responsable e asinante da acta.

As actas serán asinadas polos profesor/es responsables das materias e polo coordinador do POP, e serán remitidas para a súa recepción as Unidades de Xestión Académica correspondentes.

9.6 Para o curso 2007-08 a avaliación e as actas será preferentemente por módulos. Para estes efectos, os coordinadores dos cursos propoñerán unha nova estrutura académica e de avaliación en función deste obxectivo, para así facilitar tamén a oferta e acreditación dos distintos módulos como formación continua.


9.7 No non regulado expresamente nesta Resolución aplicarase o réxime xeral de actas de estudos oficiais. Autorízase á Secretaría Xeral a ditar cantas instrucións ou resolucións en materia de actas sexan necesarias para o desenvolvemento da presente resolución

#### **Artigo 10.- Convocatoria**

Os requisitos da convocatoria serán os que se establezan mediante a resolución reitoral correspondente.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2007

O REITOR



Senén Barro Ameneiro

